



Resolución de 10 de xuño de 2019 da Dirección xeral da Academia Galega de proceso selectivo unitario para a cobertura de postos de auxiliar de policía local convocado por Orde do 25 de marzo de 2019 (DOG núm. 65, do 3 de abril de 2019) pola que se publica a adxudicación de postos.

De conformidade co establecido na base 9.3.3 da Orde de 25 de marzo de 2019 (DOG núm. 65, do 3 de abril de 2019)

RESOLVO

Primeiro.: Publicar a relación dos postos ofertados e adxudicados como anexo I a esta resolución.

Segundo.: Comunicar aos concellos os datos das persoas seleccionadas.

O prazo para a presentación da documentación nos concellos é de 5 días.

As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non se presentasen ante o concello ou do exame da súa documentación se deducise que carecen dalgún dos requisitos non poderán ser contratadas como auxiliares de policía local, quedarán sen efecto as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para a contratación, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida a contratación dunha persoa aspirante como auxiliar de policía local, o concello comunicará esta circunstancia á Dirección da AGASP, que substituirá a persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



galicia

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina Web da Agasp, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1 do mesmo texto legal.

A Estrada, na data da sinatura dixital

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Agasp

